



BIBLIOTECA PÚBLICA

Mulleres colleiteiras



Reciclar para
traballar, reciclar
para vivir

MULLERES
COLL

ACEI DE
COCIÑA
USADO

A foto que fala



Agora todos queren ser Podemos.

O trasno Carta a Montoro, o amigo das familias

Daniel López Muñoz



Señor ministro:

Estamos, as familias de por aquí abaixo, lixeiramente anoxadas.

A cousa é que andamos estes días preocupados pola nosa declaración do IRPF, se a facemos ben ou non, se metemos todos os datos no seu sitio, se se nos despista algo, algún rendemento mínimo duns aforriños, un traballo esporádico,... Nós, os de abaixo, as familias dos traballadores, temos que aforrar en xestorías e non temos

asesores fiscais. E, andamos así, todo a medio camiño entre un deber ético e cidadán de facer as cousas ben e un certo temor de recibirmos un escrito da súa Axencia Tributaria, que nos diga que fixemos algo mal, que nos chame a facer unha complementaria por calquera fallo. E que nos deixe o estómago mal, que xa vai delicado. Porque escritos deses, por cantidades mesmo ben pequenas, si que os recibimos as familias dos traballadores, e suponse que debe ser así.

Pero non estamos cabreados por iso. A cousa vén por algo peor. A cousa vén porque agora, grazas a Intermón-Oxfam, e ao seu recente informe, xa lle podemos poñer cifras ao convencemento que xa tiñamos de que Facenda non somos todos.

Porque despois de ver a delicadeza de trato con amnistiados fiscais e defraudadores –algúns ben próximos ao seu partido, e non insistamos máis en Bárcenas, que o último episodio do caco valenciano recentemente condenado por desviar cartos públicos que estaban dirixidos á solidariedade coas aldeas pobres de Nicaragua,

rompe o rexistros da infamia-, comprobamos que o 90% do recadado polo fisco vén das familias traballadoras. E só o 9,24% das empresas. E, aínda peor, sabemos que as grandes empresas só cotizan a un 3,5%, e as multinacionais a 0%.

As familias facemos un exercicio de autocontrol e rigor, pero estamos abraíadas ao descubriremos que se está deixando de recadar, por fraude das grandes empresas e das grandes fortunas, máis de 50.000 millóns de euros cada ano.

Así que, xa postos, queremos que nos inspeccionen máis. Pero a todos. Porque non entendemos que esa fonte de ingresos públicos – a inspección fiscal- se descoide tanto. Tanto que hoxe na axencia tributaria hai tantos empregados públicos como cando foi creada hai vinte tantos anos.

Convénzanos, señor Montoro, coa súa locuacidade, de que, a pesar de sermos o segundo estado máis desigual de Europa, Facenda somos todos, porque se as familias de aquí abaixo convertemos a indignación en folga fiscal, isto vaise todo ao carafío.

Coas augas máis calmas cómpre unha reflexión. Desta vez algo pasou. Algo serio. O PP e o PSOE perderon, cada un, cerca de douscentos mil votos na nosa terra. E mentres que os votos do PSOE seica irían parar a esa nova forza chamada *Podemos*, os do PP suponse que engrosaron o avultado fol de abstención.

A caída do voto do PP nas cidades foi importante, pero ese non foi un fenómeno exclusivamente urbano. Efectivamente, perden máis de quince mil votos en cidades como A Coruña e Vigo, pero a caída arrástrase a vilas e localidades pequenas, o que sen dúbida fará saltar as alarmas nunha formación que o ano pasado obtivo unha ampla vitoria nas eleccións galegas. A súa política de propaganda abusiva, de lavado de imaxe fronte aos datos que nos chegan desde os tribunais e, en

Foi un castigo temporal ao PP ou estamos diante dunha seria creba de confianza?

definitiva, de negación da realidade, está provocando o fastío mesmo do seu propio electorado. Castigo temporal e limitado ou seria creba de confianza?

No BNG segue aberta a pregunta sobre o seu solo electoral, pero hai desta volta certa satisfacción cuns resultados que só lle restan algo máis de vinte mil votos verbo do BNG anterior á escisión de 2009. O mal menor non debería evitar analizar en profundidade os motivos do que está a pasar dentro e fóra. Unha forza que tradicionalmente simbolizou o espírito do cambio en Galicia, non debería xustificar nunca máis os seus escasos resultados en que non se soubo facer chegar aos cidadáns as súas propostas. Galicia necesita recuperar a mellor cara do BNG, como alternativa sólida, pero tamén aberta e transparente. Hai, de feito, un dato inédito: as propostas de cambio aparentemente máis ousadas, as que enganchan a unha gran parte da nosa mocidade xa non son desenvolvidas por unha forza galega e en galego. A identificación simbólica con Galicia, perde.

Porén, os máis de cen mil votos a AGE, que sofre pouco desgaste despois das súas crises internas, parecen mostrar que, en conxunto, os peores resultados para o nacionalismo foron os de 2009. AGE segue amosando unha gran vitalidade. Compromiso por Galicia segue agardando a súa

Continúa na páxina 6

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Hai xente que bota en falta eses tempos non tan afastados nos cales ser cidadán era sinónimo de ser cristián

(se non o cres le a definición 5 de “cristiano” no dicionario RAE). Eran os tempos nos que todos os da miña quinta iam durante a semana ao colexio e a fin de semana á catequese. Onde meus pais falaban baixiño do caso dun veciño cuns pais que eran ateos e non querían que o seu fillo fixese a primeira comunión. Moito cambiou o conto.

Dentro duns días vai facer a Primeira Comunión un rapaz coñecido meu que ten doce anos. Faina porque lle peta e supoño que tamén cunha certa convicción. Fóra do tempo normal no que se adoitan facer estas cousas. Tamén hai un par de anos asistín ao bautizo dun mozo que pasaba tran-

quilamente dos vinte anos. Son dous casos que coñezo, pero non son illados. Segundo datos estatísticos da propia Igrexa, parece ser que nestes últimos anos o número de casos similares duplicouse.

Que non haxa tantos bautizados e bautizadas nos libros parroquiais non é nin bo nin malo. O realmente bo é que, cada vez máis, estas cousas fanse por convencemento. Que relacionar a catequese con algo polo que hai que pasar xa non é o propio e que en poucos anos quen faga un sacramento non o fará sen pensar. Se cadra caminamos cara unha vivencia dos sacramentos dende a fe e non dende o costume.

1



3



2



4



A peneira

1

A Pena Cabalaría, petróglifo dun castro -A Caveira de Mos-, loita en Bemibre de Vigo polo **PATRIMONIO**: moen, cocen e comparten o pan para celebraren esta recuperación. Producen sidra coma antigamente, cando remataban o viño vello e non estaba a punto o novo. Na foto, o monumento aos vellos na veciña Beade.

2

O Mundial de fútbol revoluciona os movementos sociais contra o gasto de millóns de dólares, mentres a poboación **SEN TEITO** morre de fame, xunto coa prostitución de 250.000 nen@s. Na foto, Valdenia Aparecida, perseguida polo poder por defender os dereitos dos pobres.

3

A agricultura industrial e a transxénica non fan máis ca incrementar a fame, unicamente obsesionadas polo negocio. Só a familiar e **ECOLÓXICA** é capaces de alimentar a poboación. Mentres, cada día tíranse 1.300 millóns de toneladas de comida, un terzo do que se produce.

4

A contaminación produce 10 veces máis mortes ca os accidentes, pero a **BICI** segue aparcada: só un 1% das viaxes e 1,02 bicis por mil habitantes. Mentres, a empresa I+d3 -de equipamentos tecnolóxicos de Vigo- está a dotar ás bicis de Dinamarca de software para combinalas co resto do transporte.

5



7




6

ANOCA

Aprender NO Cárcere

8



Alfonso Blanco Torrado

5

Os **CAMIÑOS** achegan innovación. Así, a catalana Ana Fernández rematou a súa peregrinaxe montando en Becerreá "Tempo e Paciencia", para elaborar licores artesanais "Gota a Gota", namorada dos recursos rurais. Son moitas as iniciativas económicas que abrollan ao pé destas rotas.

6

O Centro Penitenciario de Teixeira (na ilustración, a cabeceira da súa revista) convoca un curso sobre saúde mental, do 2 ao 4, coa **UNED** A Coruña. Dende a medicina, socioloxía, cultura..., inciden nos usos sociais do tempo no CP: castigo, resistencia... Para apuntarse, ata o día 1.

7

O 13, a UDC lembra a chegada do barco **SINAIA** a Veracruz-México con 1600 republicanos exiliados (1939). Foi o caso do arquitecto José Caridad Mateo, fillo de Rogelio Caridad, gobernador asasinado polos franquistas que agora dá nome a unha aula de Arquitectura. Na foto, o Parque da Memoria, en Poio, deseñado por Adolfo P. Esquivel.

8

Xabier Puente **DOCAMPO** é homenaxeado o 14 en Castro de Ribeiras de Lea pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Loitador pola dignidade da nosa fala coordinando "Prolingua", sempre valorou a cultura oral que escoitaba ao seu pai coma cerne da súa escrita.



oportunidade para deixar de ser unha anécdota política, unha oportunidade que estará nas vindeiras municipais, data que marcará o seu destino. En calquera caso, sobre a discusión táctica de antes das eleccións, os resultados amosan un dato rechamante: as tres forzas nacionalistas xuntas non acadarían un eurodeputado. O distrito estatal único xoga en contra.

Moitos opinan que a translación dos resultados destas eleccións a unhas xerais faría ingobernable España. Quizais Galicia? Insisten en que as maiorías parlamentarias dan estabilidade a un goberno. Estamos de acordo. Estabilidade dan, pero non razón. A maioría parlamentaria é moi cómoda para gobernar, pero está converténdose nun auténtico desastre democrático que inmunita os nosos representantes fronte aos problemas sociais, a dor da xente e o escándalo da corrupción. Hai nos parlamentos dema-

A maioría absoluta inmunita os nosos representantes fronte a dor da xente e ao escándalo da corrupción

siados políticos dóciles ás consignas dos seus partidos, máis sensibles aos intereses privados que aos públicos. E iso foi o que se castigou nestas eleccións: uns políticos que, ou ben non teñen nada que chegar á saída da crise, ou ben abandeiran o chamado austericidio.

A sabia nova que achegan as novas formacións ampliaría o debate democrático nas institucións. É certo que dificultaría as decisións; todas, tanto as boas como as calamitosas, estilo rescate bancario *made in Spain*. A cambio obrigaría a prolongar e repensar o debate fiscal, o rescate bancario e o debate económico e social. Posiblemente se esixise máis esforzo do lado dos que melloraron en plena crise. As normas que aprobábase ese novo parlamento serían máis xustas e sociais que as que estamos sufrindo nos últimos catro anos.

Tamén temos claro que estas pequenas formacións levan aos parlamentos persoas con ganas de traballar e cuestionarse a forma de facer política dos grandes. Achegan políticos activos, a diferenza daqueles cuxa actividade se reduce a trasladar o que opina o seu partido e votar cando toca. E, ademais, moitos están dispostos/as a cobrar menos.

Son tachados de populistas por aqueles que gañaron unhas eleccións falando de audis, un xardín zen e unhas cadeiras de deseño, e que fixeron do populismo a súa bandeira, patentando no noso país a figura do voto acompañado -non vaian perderse os electores. Os mesmos que enchen de interventores e apoderados todas as mesas da nosa xeografía, que levan control de todos os que van votar, para que o seu partido despois recorde a moito despistado que é unha magoa non cumprir co seu dereito democrático.

Irimia lamentou que o nacionalismo non fose quen de unirse nunha única candidatura, malia seren de forzas políticas distintas. Á vista dos resultados non era, quizais, a opción eficaz. Ocaso é que o galeguismo e o nacionalismo tiveron os mellores resultados europeos, precisamente despois de separarse, algo realmente chamativo, que deba facernos reflexionar sobre a suposta existencia de “leiras choídas”, de “caladoiros” de votos. A xente está máis aberta a propostas renovadoras e honestas do que os calculadores gabinetes pensan. En Europa estarán representándonos Lidia Senra e Ana Miranda, dúas mulleres cunha enorme capacidade de traballo que de seguro farán que a voz de Galicia soe no enorme hemisferio europeo.

En fin, as eleccións europeas parecen mostrar unha certa re-politización da sociedade, indicando que os cidadáns necesitan políticos cribles, persoas coma nós, que non fuxan do debate e traian unha pinga de ética a unha realidade revolta e abondo podrecida. O demais é seguir instalados no ruído que ninguén quere oír.





O peto común

Acábanse as parroquias? Un estudo da diocese de Santiago apunta a que en poucos anos apenas haberá cregos que atendan as nosas parroquias, sobre todo no mundo rural. Non cesan os experimentos: unidades pastorais, concentración en lugares estratéxicos, curas á carreira por mil estradas, outros chegados de países e culturas de lonxe... A vinculación á parroquia é moi fonda en Galicia, parroquia coma lugar, coma límite biográfico e xeográfico. Un concello pode ter máis de 10 parroquias, e non é doado que vaian os dunha parroquia a outra, a non ser un enterro, unha festa... Os galegos antepoñemos a pertenza a un lugar á vivencia da fe. Quizais sobraron ritos e faltou acompañamento e vida comunitaria. Que pasará con tantas igrexas, reitorais, capeliñas, conventos, mosteiros...?

Hai anos Pepe Chao falaba da creación de "cristianías", pequenas comunidades formadas por xentes de distintas parroquias que comezaran a reunirse, estudar, celebrar, compartir vivencias. Serían o cerne dunha nova realidade. Para xuntar a xente de distintas parroquias hai que crear primeiro amizade entre elas. A excesiva dependencia do clero non facilita esta proposta.

As consecuencias son tremendas: desaparece todo un sentir, todo un vivir do noso pobo, e moito mais aló do relixioso. Xa é unha realidade en moitas comarcas da montaña e do interior. A parroquia é lugar de encontro, de organización, de cultura, de festa, de compartir labores e traballos. Vai desaparecendo tamén o domingo como día de encontro e mesmo de descanso.

O teólogo J. Antonio Pagola apuntaba hai uns días na Coruña unha solución: teñen que ser as persoas das parroquias as que reaccionen e organicen a vida comunitaria. Non podemos estar pendentos de que manden un cura de fóra. O problema é que quizais sexa tarde de máis, porque en moitos lugares so quedan velliños, cansos xa para se pór a estudar e facer planos pastorais.

A desaparición dos curas traerá tamén a desaparición da misa? Non é tempo de pensar novas formas de exercer o sacerdocio?

A esperanza está nunha igrexa-comunidade fronte a unha igrexa clerical e xerarquizada. Oxalá deamos pasos e non sexa tarde de máis. Pentecoste, o Espírito segue a soprar.



© CARRABOXO por KOBÉ LOIS



Entrevista Contra a crise, autoxestión

Redacción



Entrevista a Rocío Botana Responsable do proxecto Mulleres colleiteiras

Hai sectores para os que a crise é una situación permanente. Mesmo hai sectores excluídos que en nada melloran cando todo é prosperidade e crecemento, cando non se recicla, cando non se reutiliza nin aproveita nada. Arquitectos sen Fronteiras desenvolve na Coruña un proxecto de formación e organización para a inclusión laboral de mulleres dun asentamento chabolista. E fano con intelixencia, enfocando o asunto ao que mellor sabe facer a xente aos que se dirixe: reciclar. Así nolo conta nesta entrevista Rocío Botana, traballadora social de Arquitectos sen Fronteiras e responsable do proxecto.



O emprego é un dereito, pero tamén o instrumento de integración e desenvolvemento persoal

Que é “Mulleres Colleiteiras”?

É un Proxecto Social de autoemprego de mulleres en exclusión social a través da xestión do aceite doméstico usado: recollida, tratamento e reutilización deste residuo nun proceso local e de baixo custo, que xerará así emprego para man de obra desempregada.

Como xorde a idea?

A entidade promotora, Arquitectos Sen Fronteiras (ASF), leva varios anos activando proxectos de acompañamento e asesoramento técnico á poboación dos asentamentos pre-

ción laboral como un aspecto fundamental. O emprego non é soamente un dereito, senon o principal mecanismo de integración social e desenvolvemento persoal.

Ante as dificultades de acceder a un traballo normalizado, decidimos apostar por unha iniciativa que permitise a estas mulleres pór en práctica as súas habilidades e capacidades, dándolles a oportunidade de demostraren a súa vontade de cambio, traballando activamente por mellorar as súas condicións de vida e das súas familias.

Que pretende exactamente este Proxecto?

Poderíamos falar de varios obxectivos específicos. Por unha parte está claro o obxectivo de acadar a inserción laboral de mulleres en exclusión social a través do autoemprego e así motivar e fomentar o traballo feminino.

Tamén pretendemos poñer en marcha un proxecto empresarial viable e sostible, de economía social, creando unha proposta eficiente na xestión do

aceite doméstico, mediante un proceso local de baixo custo.

Pero, ademais, desenvolvemos unha rede colaboradora para a transferencia deste modelo a outros lugares. Isto vai unido a un labor pedagóxico, mediante campañas de difusión e sensibilización da problemática e a actividade a desenvolver.

E hai unha serie de beneficios vinculados a esta iniciativa...

Si, e diversos. Hai un beneficio social obvio: a inserción social, que nace do traballo próximo e directo coas mulleres, do coñecemento das súas aspiracións e capacidades e da súa implicación e motivación en levar adiante un proxecto real de inserción e de traballo. Tamén hai un beneficio ambiental, de aproveitar un recurso moi enerxético e resolver o problema do verquido. Na actualidade, a falta dunha recollida selectiva, o aceite doméstico que se bota polo vertedoiro ocasiona altos custos de mantemento para as redes de sumidoiros e, sobre todo, para as instalacións das depuradoras que os procesan. E, ademais, faise un servizo para a cidadanía que actualmente non ten cuberta esta necesidade de desfacerse dun residuo contaminante.

Desta forma, a diferenza das iniciativas que están a funcionar mediante a recollida no sector da hostalaría, Mulleres Colleiteiras pon ao alcance da cidadanía a posibilidade de reciclar este residuo dunha forma sinxela e gratuíta e, polo tanto, supón unha vantaxe ao dar resposta á demanda que non está a ser atendida.

En que consiste o proceso?

É ben sinxelo: recollida, almacenamento e venda directa do aceite a un xestor autorizado para o seu tratamento e reutilización. Os colectores, de cor laranxa, recollen información de interese para depositar o residuo: non verter o aceite, depositar os envases ou botellas de plástico ben pe-



chados e evitar envases de vidro que poden romper.

Ademais, a través do teléfono de contacto 608 54 93 54 pódese realizar calquera consulta, solicitar unha recollida a domicilio ou mesmo habilitar un colector de forma temporal nalgún punto, por exemplo edificios que estean interesados.

a falta dunha recollida selectiva do aceite doméstico ocasiona altos custos para as redes de sumidoiros e depuradoras

Seleccionamos a recollida de graxas domésticas como principal residuo urbano a xestionar, por non existir aínda unha recollida selectiva deste produto e seren un campo aínda sen controlar por grandes empresas e sen concesionar por parte dos Concellos, e realizamos o estudo de viabilidade vinculado ao autoemprego para as mulleres.

Nesta fase previa trátase de desenvolver un proceso inicial moi intenso de aprendizaxe social e organizativa, ademais do empoderamento que permite ás mulleres sentir a alternativa de autoemprego creada como propia

e xestionada baixo a súa responsabilidade.

Como comezastes a operar?

Por analizar e valorar posibles problemas, debilidades, fortalezas, etc. e coñecer ademais a opinión dos/das participantes e dos traballadores/as. Contactouse coa Asociación de Veciños do barrio de Montealto para pór en marcha a iniciativa cunha expe-

riencia piloto no barrio, dando comezo de forma efectiva en abril de 2013.

A disposición por parte da asociación de veciños permite o contacto coa cidadanía que acolle o proxecto como propio e valoran o aspecto social e ambiental, así como o servizo prestado.

A colocación dos puntos de recollida ten un efecto inmediato, comezando a recollida de forma rápida. Así mesmo, o contaxio da iniciativa a outros barrios e persoas, que demandan este servizo é palpable, manifestando o seu interese expreso dende colexios,

Entrevista Contra a crise, autoxestión

Redacción



asociacións de veciños e concellos limítrofes.

Actualmente, están en funcionamento 15 colectores, distribuídos fundamentalmente en Monte Alto, e noutros 3 puntos estratéxicos fóra do barrio.

Como avanza o proxecto?

A implantación é gradual, desenvolvendo as etapas de acordo coa experiencia dos implicados/as, os resultados obtidos e os medios dispoñibles; coa idea de que as traballadoras se vaian formando progresivamente, ao mesmo tempo que melloran e consolidan as súas capacidades. Deste xeito, preténdese acadar o obxectivo de crear un modelo empresarial viable, sostible e coherente coa realidade ata ofrecer un servizo integral de recollida, tratamento e reutilización do aceite recollido.

E de cara ao futuro?

Na actualidade Mulleres Colleiteiras opera nos barrios de Monte Alto e Os Rosais. A nosa intención nun futuro é levar esta iniciativa a outros

barrios da Coruña e que as traballadoras cubran todo o proceso, utilizando o excedente de man de obra nun proceso a nivel local. Xestionando a súa transformación para utilizarse o biocombustible na calefacción ou piscinas da Universidade de A Coruña ou dos equipamentos do Concello, gañaríase valor engadido á proposta de emprego, destacando o traballo en rede e a responsabilidade social das nosas institucións, ademais de acherregar unha proposta eficiente na reutilización.

O impacto social irase incrementando na medida que amplíen o seu ámbito territorial e a súa actividade, así como a súa capacidade para difundir a súa iniciativa e crear unha rede corporativa para compartir a súa experiencia e modelo con outras entidades, grupos ou espazos territoriais que inicien un proxecto similar.

En que consiste a parte social do proxecto?

Durante todo o proceso de creación da empresa, cóntase coa implicación e participación das mulleres, dende

importante de cara ao obxectivo principal do proxecto que é que sexan as xestoras da empresa, incrementando progresivamente as súas responsabilidades en función das capacidades adquiridas.

Promóvese a motivación polo cambio e pola mellora das súas condicións de vida, fomentando as actitudes proactivas de inserción social fronte ás actitudes pasivas de continuidade da dependencia e da exclusión.

Que impactos tivo “Mulleres Colleiteiras”?

Xa son máis de 20 mulleres traballadoras as que están participando de forma activa nesta iniciativa dende o seu inicio ata a actualidade, sen percibir retribución ningunha, de forma completamente voluntaria. Durante ese tempo, as mulleres participantes están a recibir formación específica en áreas de xestión empresarial e técnicas de venda, entre outros. Así mesmo, traballouse polo empoderamento das traballadoras, implicándoas en todo o proceso organizativo e de implementación. Trátase dun

promóvese a motivación polo cambio fomentando actitudes proactivas de inserción fronte ás actitudes pasivas de dependencia e exclusión

a fase inicial, asistindo ás reunións informativas e de organización, así como ás xornadas de capacitación necesarias.

Preténdese, con isto, construír conxuntamente unha iniciativa propia das mulleres traballadoras, cunha visión estratéxica e loxística adaptada ás súas competencias. O grupo de mulleres colleiteiras participa activamente de todos os procesos que atinxen a posta en marcha desta proposta. Este punto é especialmente

proceso gradual de empoderamento e capacitación para a obtención de habilidades e profesionalización das traballadoras. Neste sentido detéctanse múltiples avances e unha mellora significativa da implicación das mulleres no proceso e sobre todo, o incremento da autoestima e de actitudes activas. En canto aos logros de carácter externo, cómpre destacar o impacto mediático (medios televisivos, radiofónicos e prensa) e na cidadanía.

Política Fuco Buxán non emigra

Carlos Vázquez G.



Alí estaba, no último recanto da cantina da estación. Máis ca sentado, estaba engruñado, desleixado, abstraído diante dun vaso de viño dourado e cunha vella bolsa de viaxe aos pés. Un Fuco Buxán urbano, pensei para min. Levaba anos sen velo, pero saudámonos como se nos viramos onte. De contado me decatei de que non quería falar nin del nin de min, pero falar quería.

-”Xa viche as eleccións. O máis claro é que os cataláns e os vascos queren irse. E, se se queren ir, iranse. España esmorece. España nunca soubo quen era. Os do noventa e oito fixeron a pregunta, pero non foron quen de respondela. Nin eles nin os que viñeron despois. E velaí tes, contra do que están a dicir, será Europa quen faga posible, primeiro, a separación e, de seguido, a futura nova relación”

Sorprendido, tratei de dicir algo, pero coma se chovese. El seguiu ao seu:

- “O problema é que todos queremos ser alguén. Para ser alguén os vascos e cataláns queren separarse, e España, que non sabe ben o que é, teme quedar-se en ninguén de ningures, se eles se van”

- “Entón parece non haber solución, ou hai mala solución, ou “ Non me deixou seguir.

-”O que non hai é maxín, intelixencia política, capacidade de administrar a realidade. Faltan ideas fértiles e creadoras. Imaxina que admitimos a realidade como é, aceptamos a necesidade dun novo espazo político e miramos ao noso arredor. Por que non lanzar o proxecto de construírmos xuntos, en pé de igualdade e partindo do que hai un novo Estado no seo da UE? Que pasaría se Cataluña, o País Vasco, Galicia se quere,

aqueles que se consideren España e Portugal emprendesen a tarefa de construír un Estado Confederado Ibérico? Aínda que nos levase trinta anos facelo. Sabías que a día de hoxe o 40% dos portugueses estarían a favor de confederarse coa España actual? Cantos dos nosos vellos problemas entrarían en vía pacífica, política e democrática de solución? Monarquía ou república, cooficialidade real das linguas, peso económico e demográfico na UE, presenza no mundo africano e asiático Ata España sabería por fin quen é!

-”Fermosa utopía, pero no ; comecei a dicir.

-Utopía? E que era a Unión Europea hai cincuenta ou sesenta anos?...

Foi a chegada do tren quen o fixo calar, foise, pero este Fuco Buxán non emigra.

Un tanto frustrado por no poder nin abrir a boca, lembrei con alivio as palabras de Elena Poniatowska: “Orgulléceme camiñar canda os ilusos, os necesitados, os candorosos”. Camiñar ao seu carón e escoitalos.

Por que non lanzar o proxecto de construírmos xuntos un Estado Confederado Ibérico?

Opinión Os tics que me entran coa educación.

Lupe Cendán



Hai uns números saú nesta revista un editorial sobre o uso das novas tecnoloxías na educación. Os aspectos positivos das TIC son ben visibles e innegables, a educación debe evolucionar coa sociedade, pero cando a xente se emociona demasiado, a min sáeme a vea conservadora e xórdenme algunhas dúbidas para sumar ás do editorial:

A capacidade para imaxinar, para ver na cabeza as cousas, sen unha imaxe física, a cores, en 3D e con movemento.

É certo que cunha pizarra dixital que emite luz e pinta en moitas cores, o alumnado atende máis facilmente, séntese máis no seu medio natural. Non digamos se combinamos presentacións, vídeos, música, acceso á rede... Queda por valorar en que medida seguirá sendo así cando xa non sexan novidade, cando se usen a todas as horas, en todas as materias,

cantos deses mateirais van ser en galego?

desde cativos... se seguirá potencian- do a atención ao mesmo nivel. Pero no que me entran as dúbidas é en se poderíamos estar perdendo a capacidade de esforzarnos por imaxinar, de facer abstracción, de estudar por un libro en branco e negro, ou ler un xornal en papel. Non sei se nalgures está prevista algunha medida de contrapeso, non se me vai da cabeza esa rapazada actual que, para multiplicar 20 por mil, precisa calculadora.

A necesidade de consumir recursos enerxéticos e materias primas elaboradas en forma de aparello electrónico para a cousa máis peregrina.

O planeta simplemente non vai soportar este nivel de "humanización". Na nosa casa temos oito dicionarios de diversos idiomas para poder facer os deberes. Onde se busca o significado dunha palabra? Na internet, aínda que se teña que agardar a que o trebello se acenda. Comprendemos que iso vai da man do aumento das centrais nucleares -demandamos electricidade de a pouquiños, pero de xeito insaciable-, ou da explotación infantil nas minas do Congo para termos PC, netbook, tablet e/ou smartphone a prezo accesible; ou das dificultades para chegar a fin de mes, poño por caso? Isto unido á obsolescencia programada e descarada, que nos vai obrigar ás familias -directamente ou a través de impostos nos centros educativos- a estar renovando constantemente dispositivos e software para que todo sexa compatible e actualizado. Canto tardará en comezar a presión para que todos os alumnos vaian a clase coa súa tablet debaixo do brazo, baixo o pretexto de que é máis ecolóxico porque non se gasta papel? É o negocio do século XXI. E

si, xa hai un plan piloto da Consellería -todo está aínda no aire, pero disque sería para o curso que vén-, para que a rapazada de certos centros deixe de usar libros en papel e traballe todo exclusivamente sobre pantalla.

As condicións de traballo.

A tecnoloxía non ten marcha atrás, o coche xa non vai desaparecer aínda que o noso futuro dependa da redución de emisións contaminantes. Todos precisamos autoestima, formar parte da comunidade, por iso mercamos traxe novo só porque o anterior “xa se ve desfasado”, ou móbil cando aínda funciona o vello ou antes ca reparalo ou mercar unha batería nova. Cos centros educativos pasa algo semellante: o que non se suba ao carro queda atrás. O que comeza sendo có-

na clase pero, vai poder o profesor/a de cada materia instalar e desinstalar, probar, experimentar... ou vai ter que usar o que mande o administrador do sistema?

A saúde. Está estudada a influencia das WIFI sobre os nosos corpos? De quen nos fiamos?

Si, hai estudos con ratas que indican que as radiacións non ionizantes só producen un aumento de certas actividades do cerebro nada preocupantes, que é moito máis arriscado tomar o sol sen protección (correcto, os raios uv si son ionizantes), pero estes son ensaios a curto prazo, realmente non se sabe da influencia a longo prazo, a 40 anos vista. Porén, dá que pensar que xa no ano 2011 a OMS e a Axencia Internacional para a In-

nismos adoitan facer para non enfadar demasiado á industria do sector, que se atrevan a facer unha afirmación coma esa, non é tranquilizador. A mesma Asemblea do Consello de Europa recomendou a retirada de telefonías móbiles, WIFI (redes sen fíos como as que todos temos na casa), etc. das aulas, cousa que varios países europeos tomaron en serio, substituíndoas por rede de cabo. Non aquí, por suposto. Os centros do plan Abalar, inzaron os colexios -na medida en que a crise non truncoou o proxecto- de puntos de acceso WIFI. Cantas horas de radiación WIFI vai recibir un alumno entre os 3 e os 16 anos na súa aula? E un profesor na súa vida activa? Vai ser isto relevante? Poida que non, pero ninguén o sabe.

Hai estudos, tamén, sobre substancias que todos levamos no sangue, como as que se desprenden cando temos unha computadora funcionando, -non digamos unha aula chea deles-, varias horas seguidas, e que poden afectar o bo funcionamento do noso organismo. Os nosos fillos respíranas desde moi novos. Debemos preocuparnos?

A Asemblea do Consello de Europa recomendou a retirada de telefonías móbiles e WIFI das aulas.

modo, innovador e unha vantaxe remata sendo unha obriga. As intranets poden facilitar o traballo ao profesorado e favorecer a información aos pais pero tamén converterse nunha presión constante porque a información circule de xeito instantáneo, como se vivisemos nun Facebook educativo, co perigo de incrementar o traballo burocrático e obrigar ao persoal a mercar tecnoloxía para a casa, porque a *precisa* para o traballo. Tendereamos á atención 24h? Os ordenadores non quitan traballo, sempre piden máis. E se nalgo aforran tempo, haberá que facer iso e algo máis. cantos deses mateirais van ser en galego?

Por outra banda, os sistemas informáticos complícanse. Quen vai facer o mantemento? Algún profesor voluntarioso? Liberámolo da docencia? Externalízase? Está ben ter PC

vestigación do Cancro recoñecesen a “existencia de indicios” sobre a posible perigosidade das radiacións electromagnéticas dos móbiles. Tendo en conta os equilibrios que estes orga-




O noso taboleiro Pablo no corazón

O 30 de xuño, ás 20,00 h, no colexio La Salle de Santiago, habémonos xuntar xente amiga do noso querido Pablo Mougán. Vai aló mais de medio ano dende a súa marcha e imos recuperando o alento, pero non é doado. Por iso precisamos da palabra, da música, do símbolo para dicir aquelas cousas que andan no corazón. Será unha celebración da súa vida onde podemos traer recordos, anécdotas, cancións, xestos... para compartirmos a memoria do amigo, memoria que segue tan viva!

Após compartiremos unhas viandas, o que queiramos levar: unha tortilla, un queixo, un refresco, o un negriño daqueles que tanto lle gustaban a Pablo. Animádevos e rebuscade no peto da creatividade uns versos, un texto, un signo, un canto, unha foto... mesmo un silencio. Vémonos.

Rubén Aramburu

Cartas...



Parabéns aos irimegos que acompañades Irimia no seu 900 aniversario, e especialmente aos que escribides e a facedes.

Grazas polo alento e a luz que nos aportades.

Moito desexo que poidades seguir coa humilde e, seguro, fecunda empresa.

Graciñas 900 veces.

Apertas

Xosé Miguélez Díaz



EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripción@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



Boa Nova



Vai fresco na parada do bus da praza de Pontevedra, o 6 non da chegado. Un regueiro corre pola beirarúa, sae de debaixo dun banco. Sentado, el, ou ela, nalgún lugar da súa vida perdeu ate o xénero; corpo e bolso de muller, barba de home pregado coma un libro pechado, temo que caia de cabeza, que facer? que dicir? Por favor aguanta, non caias - digo para dentro-.

O cheiro non cesa e a xente mira con indiferenza, con arrepío, xulga, remanga o fociño con acenos de noxo, da saltiños para non pisar, para non figurar nesta escena, non saír na foto. Pouco a pouco vai erguendo a cabeza e mira cara a ningures, como sen historia, nin pasada nin futura. Míroo, tento encetar o dialogo, saudar... mais parece estar en coma. Un par de ollos azuis perdidos nun país do que non ten mapa. As fiestras dun corpo baldado á intemperie.

Corpo crucificado do banco da parada do bus da praza de Pontevedra, corpo que retén tan pouca vida que necesita un amor tan grande coma unha galaxia para ser salvado, quen llo dará? Corpo rompido que xa non retén nin os fluídos. Este é o teu Corpo, ofrecido ás nosas incrédulas pupilas, ás nosas tépedas e torpes mans. Este é o teu Sangue, regalado porque si, que corre porque si nas súas veas.

Douche grazas por ese regueiro, por ese perfume da cruz... si, así debía ulir.

Inclino a cabeza e ofrézoches a acción de grazas, fago memoria de Ti, aquí e agora, nesta praza da Coruña, un día fresco de maio, diante do teu corpo rebentado. Ámote, impotente e muda, perdón por ofrecer esta eucaristía en plena rúa! So ti, podes soste esa vida, inclínome e murmuro "meu Señor e meu Deus".

(se alguén precisa excomungarme, Irimia está autorizada a dar o meu contacto)

Christina

DOMINGO 22 DE XUÑO. FESTIVIDADE DE CORPUS

A PALABRA. Xn 6, 51-58

Naquel tempo, díxolles Xesús aos xudeus: "Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo". Discutían entón entre eles os xudeus: - Como pode este darnos a comer a súa carne?". Díxolles entón Xesús: "Con toda verdade volo aseguro: se non comedes a carne do Fillo do Home e non bebedes o seu sangue, non teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día. Pois a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel. Do mesmo xeito que o Pai que me mandou vive e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min. Este é o pan que baixou do ceo; non semellante ao que comeron os vosos pais, que mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para sempre".

Xoán no seu evanxeo non relata a bendición do pan e o viño na última cea, pero xusto despois da multiplicación dos pans e dos peixes déixanos este precioso discurso sobre facerse carne e sangue, alimento para outros. Éme imposible non relacionalo coa maternidade: facerse carne e sangue en, para e con outro/a.

O útero no que se xesta a vida amodiño, lugar de pracer, lugar de resurrección. O corpo, dinos Ivone Gebara, é "privilexiadamente o símbolo do misterio da vida. (...) Desafía calquera principio preestablecido, calquera teoría que desexe ser única ou absoluta. O útero escuro, primeiro espazo de vida, a profundidade da terra fértil, as grandes augas, o leite que alimenta, o sangue que corre, o colo que acolle e protexe, seduce e asusta a un tempo". Dá vertixe asomarse ao poder e potencialidade que teñen os nosos corpos, que cansan e recuperan forzas, que amasan a paz e o pan, que dan vida e alimento, que se gastan, que nos fan morrer e ao mesmo tempo nos fan vivir: nos fan ser.

Xesús establece un "triángulo amoroso" entre el, o Pai e a comunidade. Na medida en que os corpos alimenten e dean vida, na medida en que nos sintamos alimentados e sostidos, estaremos na onda da resurrección e da vida que se brinda a mans cheas en cada corpo, en cada ser.

Marisa de Corme

A PALABRA

A CLAVE

O ECO

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Poñémonos a falar do xato e esquecémonos do trato



Como enfiarnos unhas noutras e para que non nos pase coma aquel que se pon a falar do xato e esquece o trato, imos hoxe ter boa conta de non perder o fío que escollemos, o das letras, mais non das Letras literarias, nin de Díaz Castro, pois xa houbo quen falou moito e ben do autor de Guitiriz. Nós imos tratar das letras que representan sons característicos da nosa lingua.

Comezamos polas letras que representan as vogais, que son cinco, pero os sons que poden reproducir as vogais medias (e /o), cando van en posición tónica, son dobres, é dicir, hai

un “e” e un “o” abertos e un “e” e un “o” pechados. Daquela, temos 5 letras pero 7 vogais. E o difícil para quen non é falante nativo de galego é saber en cada caso como se deben pronunciar as devanditas letras nas diferentes palabras. Igual hai

lectores aos que lles podemos dar unhas claves para ensinarlles a ler estas dúas letras no alfabeto galego:

- Pronúncianse con “e” aberto as vogais tónicas dos sufixos –ela (portela, chinela, cautela, apalpadela, pardela) e tamén os substantivos rematados en –el (e os seus plurais) son con vogal aberta: papel (papeis), albanel, mel...

- Pronúncianse con “o” aberto os substantivos rematados en –ol (e os seus plurais): caracol (caracois), farol, sol...

Mais logo, como os que falamos esta lingua somos galegas e galegos..., haivos moito “depende”. Podemos ler nalgúns manuais que as palabras rematadas en –encia (advertencia, adolescencia, aparencia, benevolencia, diverxencia...) e –enza (licenza, diferenza, sentenza, indiferenza...) teñen –e aberto, pero nós pronunciámolas pechadas, igual ca “ponte”, “fonte” ou “dente”. E non é que sexa un capricho noso, senón que na costa atlántica dicimos moitas vogais pechadas cando logo van seguidas de nasal e na costa cantábrica –e mais no interior tamén dinas coa vogal aberta.

Esta variación xeográfica non se dá só cando despois da vogal vai un –n, senón que tamén se produce en palabras como “ollo”, “sogro”, “novo”, etc. Non queremos pararnos a explicar hoxe o motivo, porque xa o temos feito moitas veces antes, só queremos mostrarvos a casuística e ao mesmo tempo incidir en que isto non significa que todo se pode dicir de calquera das maneiras, senón que estes casos que varían segundo a zona existen, pero non son maioritarios. O próximo día seguimos con máis...

O Fachineiro da cultura

O meteorito, o cura e o mundial

Despois de tanta análise electoral, este fachineiro viuse na necesidade de darlle un espazo á cultura nesta sesuda revista, pero non sen antes facer miña a reflexión dun tuiteiro: “se fósemos dinosauros habíamos votar polo meteorito”. Así que logo de profundar no asunto, e agora que nos atopamos enfervorecidos pola mundialización –a do fútbol, enténdaseme ben-, reinábame lembrar que o himno da champions é unha adaptación dunha obra de Händel que se titula *The priest*, o cura. (A ver que sección de *Irimia* supera isto!). E si, trátase dunha boa imaxe para facer ver o fútbol coma esa nova relixión que é quen de unir e esperanzar, de mobilizar e de achegar. Tamén



de insultar, discriminar, odiar e facer gastar tres salarios mínimos nunha entrada, pero iso son faragullas doutro saco. Será outro signo dos tempos que vemos tamén no *aggiornamento* de arcebispos que asisten a conferencias de exdirectores de xornais lembrados –entre múltiples e meritorias accións– por vídeos de contido sexual que deron para editoriais, portadas e azueiras diversas. Dá gusto ver a xerarquía implicada nas angueiras cotiás da xente do común. Sen dúbida habemos ver imaxes semellantes cando quen pronuncie a conferencia sexa unha inmigrante caboverdiana que nos conte como deixaron de atendela no sergas. Estouno vendo.

A.Q.